

ROGO DE AER SOBRE O CAMIÑO DA COSTA EN CHAPELA

PLENO 1 DECEMBRO 2016. ACTA 0021/2016

A Agrupación de Electores de Redondela dá traslado a este pleno dun rogo da familia Sueiro Escariz en relación ao Camiño A Costa na parroquia de Chapela.

Unha estrada para un discapacitado e a súa familia

A dificultade dos accesos mantén "atrapados" na súa casa a unha familia formada por tres persoas con discapacidade de Chapela. Aínda que residen en pleno centro, a rúa córtase a cento cincuenta metros da súa vivenda e o último tramo só é accesible a pé por un estreito carreiro. "Polas noites é un risco percorrelo pola falta de iluminación e en caso dunha emerxencia estamos condenados porque aquí non pode acceder nin unha ambulancia nin un vehículo de bombeiros", afirman.

Cando hai unha década se ampliou o Camiño A Costa, a familia Sueiro Escariz pensou que por fin se atendería a súa demanda de mellorar o acceso á súa casa: un estreito carreiro entre muros de propiedades polo que non cabe un vehículo. Con todo, a decepción chegou cando os traballos concluíron a cento cincuenta metros da súa vivenda, polo que os seus problemas continuaron igual.

O pai, Carlos Sueiro Escariz, de 78 anos, camiña lentamente con axuda dun bastón co que consegue saír da súa casa de cando en vez polo estreito camiño. Hai dous anos caeu e rompeu unha perna, polo que estivo varios meses en cadeira de rodas.

"Grazas a iso conseguimos que o Concello de Redondela nos facilitase o material e con axuda de amigos e familiares formigonaron o carreiro e mesmo despois colocouse unha varanda, pero segue sendo estreito, polo que é imposible acceder en coche, que é o que necesitamos", sinala o home, que asegura que levan trinta anos reclamando no Concello a ampliación do viario. "Din que se incluírá no Plan Xeral, pero os anos van pasando e aquí non se move nada. Non podemos estar a esperar eternamente", lamenta.

O seu fillo Carlos Sueiro Alonso perdeu unha perna por mor dunha enfermidade e ten que camiñar polo carreiro coa axuda de muletas. "Sabemos que son momentos difíciles desde o punto de vista económico, pero se o Concello non ten capacidade para esta actuación poden xestionar o asunto ante outras administracións para tratar de conseguir fondos, como fai con outras obras. Levamos esperando moito tempo por un acceso digno e cremos que sería viable cun pouco de vontade", conclúe Carlos.

A familia Sueiro Escariz xa mostrou a través do rexistro deste concello a vontade de ceder os metros necesarios da súa parcela para o ensanche do camiño A Costa, tal e como estaba previsto no PERI de Chapela.

Polo anterior exposto e dando voz a familia Sueiro Escariz, ROGAMOS ao goberno local de Redondela que realice as xestións necesarias, con propietarios e administracións para o ensanche do camiño A Costa.

Rogamos aos deputados provinciais e grupos con representación na Deputación de Pontevedra presentes neste pleno, trasladen a este organismo esta petición de total necesidade.